

Scrum Master - Certificación Scrum Manager (virtual)

Descrición

Este curso ofrece o coñecemento e comprensión necesaria para a adopción flexible e global de axilidade en empresas de software e doutros sectores con interese en aplicar metodoloxías áxiles na súa organización. Flexible porque ademais das prácticas concretas do modelo Scrum, cobre os principios e criterios para a súa adecuación á propia empresa e xestionar a súa mellora continua; e global porque, ademais da aplicación de Scrum na xestión de proxectos, cobre as implicacións da axilidade no resto da empresa.

É unha formación baseada na práctica: simulacións de Scrum, plan de produto, product backlog, estimación áxil, taboleiros Kanban e vídeos relacionados.

O alumnado que desexe realizar e supere o exame de certificación durante a última sesión do curso obterá a certificación profesional oficial "Scrum Master" da entidade certificadora Scrum Manager.

Obxectivos

Aprender e comprender:

- As razóns, fortalezas e debilidades dos modelos de procesos e prácticas da industria do software
 - A xestionar proxectos e equipos de programación cos criterios de procesos e axilidade máis adecuados ás características da súa empresa e do seu produto
 - As fortalezas e debilidades e criterios de decisión entre xestión predictiva e a xestión áxil
 - Os criterios e estratexias para a xestión áxil de organizacións, proxectos e equipos para desenvolvemento de software
 - Todos os compoñentes do modelo Scrum de forma práctica:
 - Propietario de produto: responsabilidades, visión, plan de produto e product backlog
 - Responsabilidades e artefactos do equipo: estimación e métricas áxiles, pila do sprint (sprint backlog), gráfico de avance (burndown), pizarras kanban
 - Responsabilidades e estratexias da organización na implantación e mellora

dunha "Scrum Management"

Dirixido a

Xestores/as de proxectos e empresas TIC, programadores/as, técnicos/as e profesionais ou estudantes interesados nas metodoloxías áxiles.

Perfil do docente

- Agile coach e formador senior
- Formador oficial Scrum e Kanban, Scrum Level Evaluator por Scrum Manager
- Formador SAFe (Scaled Agile Framework) SPC5 (SAFe Program Consultant) con certificación RTE (Release Train Engineer)
 - Certificado ORSC Training Series (Organization and Relationship System Coaching)
 - CSM (Certified Scrum Master), CSPO (Certified Scrum Product Owner), CSP (Certified Scrum Professional) e formador CSD (Certified Scrum Developer) por Scrum Alliance
 - Agile coach con ampla experiencia profesional en transformacións áxiles de grandes organizacións, PEME e Administracións Públicas

DURACIÓN 20 horas

PROGRAMA Programación 2019/20

MATRÍCULA Gratuíta

METODOLOXÍA Virtual

TIPO CURSO

CERTIFICACIÓN OFICIAL Sí

EXAME CERTIFICACIÓN Scrum Master

BENEFICIOS

HORARIO De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.

Scrum Master - Certificación Scrum Manager (virtual)

PERIODO INSCRICIÓN 05/03/2020 - 29/04/2020

PROBA DE SELECCIÓN 12/05/2020, 17:00

LUGAR DE DOCENCIA

Nº PRAZAS 20 (Mínimo 10)

Temario

Fundamentos

- Introducción
- Manifiesto áxil
- Exercicio: árbore do manifesto Áxil (parte 1)
- O novo escenario
- Ciclo de desenvolvemento tradicional
- Ciclo de desenvolvemento áxil
- Orixe de Scrum
- Scrum técnico - Scrum avanzado

Artefactos e Eventos de Scrum como marco de xestión áxil

- Os compoñentes de Scrum
- Pila de produto
- Exercicio: obtención dunha pila de produto
- Pila de sprint
- Incremento
- Reunión de planificación
- Reunión diaria
- Reunións de revisión e retrospectiva
- Os roles
- Exercicio: árbore do manifesto Áxil (parte 2)

Métricas de Scrum

- Métricas
- A velocidade
- Unidades de estimación
- Exercicio: unidades relativas
- Estratexia de estimación
- Exercicio: Planning Poker
- Burn-up
- Burn-down

Xogo de simulación áxil e introdución a Scrum avanzado (Kanban)

- Exercicio: simulación Scrum
- Mapa de metodoloxías
- Introducción a Kanban
- Fortalezas de Kanban
- Variables de Kanban
- Exercicio: casos prácticos de Kanban

Introdución a marcos de escalado.

- SAFe - Scaled Agile Framework
- Scrum de scrums
- Nexus
- LeSS